

Luns, 19 de decembro de 2022

Núm. 240

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA

EXTRACTO DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA

BDNS(Identif.):627855

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/627855>)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión de 2 de decembro de 2022, acordou abrir un novo prazo de presentación de solicitudes conforme ás bases reguladoras de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022, publicadas e dispoñibles na web da Deputación (www.depo.es).

1. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos para as persoas e a creación de sendas peonís e/ou ciclables.

Establécense dúas casuísticas:

- Caso 1. Recuperación de espazos que actualmente están ocupados por tráfico motorizado para devolvérllelos ás persoas.
- Caso 2. Creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil e/ou ciclable (sendas peonís ou ciclables) anexos a vías existentes que non contén na actualidade con espazos adecuados para este tipo de usuarios.
- Aceptaránse tamén proxectos que inclúan a combinación das dúas casuísticas.

Cada concello poderá solicitar a axuda para a redacción de tantos proxectos como desexe, para o cal deberá presentar unha solicitude independente por cada proxecto que se vaia redactar.



Luns, 19 de decembro de 2022

Núm. 240

2. Beneficiarios

Poderán participar os concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos á Rede Ágora na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que teñan un censo de poboación inferior a 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida aos últimos datos publicados.

3. Financiamento e contía

Subvencionarase o 90 % do custo de redacción dos proxectos, ata un máximo de 50.000 € por concello. Serán custos imputables á redacción os custos preparatorios, coma os asociados a un concurso de ideas, os estudos xeotécnicos, topográficos, de tráfico, así como todos aqueles que sexan necesarios para a correcta definición do proxecto.

A liña de subvencións financianse co crédito dispoñible por importe de 900.213,02 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.

4. Requisitos

Deberá cumprirse o que se indica a continuación para cada un dos casos e os requisitos establecidos na base cuarta das bases reguladoras.

- Caso 1. Recuperación de espazos que actualmente están ocupados por tráfico a motor para devolvérrellos ás persoas.

- O incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación debe ser dun 50 % con respecto ao existente na actualidade.

- Os espazos gañados para as e os peóns terán unha superficie mínima de 300 m².

- O concello deberá ser titular das vías e dos terreos nos que se redactarán os proxectos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión por tempo indefinido sobre estes.

- Caso 2. Creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil e/ou ciclable (sendas peonís ou ciclables) anexos a vías existentes que non contén na actualidade con espazos adecuados para este tipo de usuarios.

- O itinerario peonil e/ou ciclable creado deberá ter unha lonxitude mínima de 100 metros e un ancho mínimo de 2,5 metros.

- Admitirase que o espazo que se gañe, adxacente á vía, se obteña mediante cesión ou expropiación, debendo quedar as necesidades de terreo definidas no proxecto que se redacte. A cesión ou expropiación non será necesario que se materialice ata que o concello decida acometer a obra.

- Proxectos que inclúan a combinación das dúas casuísticas.



Luns, 19 de decembro de 2022

Núm. 240

- Neste caso deberán cumprirse os requirimentos indicados para, polo menos, unha das dúas casuísticas e mais o seguinte:

a) No caso de que no proxecto só se cumpran os requisitos de recuperación de espazos públicos para as persoas (caso 1), a senda peonil e/ou ciclable deberá ter un ancho mínimo de 2,5 metros, sen que sexa imprescindible que a súa lonxitude alcance os 100 metros.

b) No caso de que no proxecto só se cumpran os requisitos de creación ou mellora dunha senda peonil e/ou ciclable (caso 2), o incremento mínimo do espazo peonil no recinto no que se circunscriban as actuacións de recuperación do espazo público para as persoas será do 50 % con respecto ao existente na actualidade, pero sen ser imprescindible que este incremento de espazo peonil teña unha superficie mínima de 300 m².

5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de trinta (30) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6. Outros datos

Solicitudes: presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e acompañaranse da documentación establecida na base oitava das bases reguladoras.

Procedemento de concesión: as subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência non competitiva, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra.

- Compatibilidade: si
- Cofinanciamento: si
- Forma de pagamento: transferencia

Forma de xustificación:

Presentación e validación do proxecto redactado por parte do persoal técnico provincial e entrega da restante documentación xustificativa establecida na base décimo quinta das bases reguladoras.

Xunto co proxecto redactado deberá presentarse un informe dunha técnica ou técnico municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos de carácter técnico.

Achega de facturas e demais documentación xustificativa segundo o previsto na base décimo quinta das bases reguladoras.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VRSQVCV40RJS79J1



Luns, 19 de decembro de 2022

Núm. 240

Prazo máximo de execución:

Xustificación de ter adxudicados os contratos menores necesarios ou de ter iniciada a tramitación dos procedementos de contratación no prazo máximo de 4 meses contados desde a publicación da resolución de concesión no BOPPO.

Redactar e presentar en formato electrónico no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra os proxectos nos doce (12) meses seguintes á publicación do acordo de concesión da subvención.

Prazo de xustificación:

Cando o persoal técnico da Deputación emita un informe favorable, o concello disporá de tres (3) meses desde a recepción deste para que o órgano competente aprobe o proxecto e remita a documentación que se especifica na base décimo quinta.

Pontevedra, 16/12/2022

A presidenta,

María del Carmen Silva Rego

